

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014854	CEIP Plurilingüe de Oca	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	8
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

## 1. Introducción

Esta programación didáctica para o curso escolar 2023-2024 está elaborada seguindo a Lei Orgánica de Modificación da LOE (LOMLOE).

O CEIP de Oca está na provincia de Pontevedra, no Concello da Estrada, e recibe alumnado dos lugares próximos á localidade de Oca que poden acudir ao centro en transporte escolar e gozar do comedor escolar.

O nivel socioeconómico das familias varía entre a clases medias e as clases medias-baixas, e o idioma empregado na fala é maiormente o galego.

O centro conta con dous grupos de infantil (un de 3-5 anos e outro de 4 anos) e catro grupos de primaria (1º-2º, 3º-4º, 5º e 6º).

O cadro de profesores está formado por dúas mestras de infantil, dúas mestras de primaria e os especialistas de inglés, música, educación física, pedagogía terapéutica, relixión e audición e linguaxe (estas tres últimas especialidades con profesorado itinerante).

O centro está adscrito ao Departamento de Orientación do Ceip de Bandeira.

As instalacións das que dispón o centro abarcan o edificio principal onde encontramos as aulas; e fóra un patio cuberto, un campo de herba artificial, un campo de fútbol, un aparcamento, xardíns e un pavillón.

No edificio das aulas hai unha planta baixa con sala de profesores, conserxería, dirección, biblioteca, comedor, aseos, unha aula de infantil e unha aula de usos múltiples. Na primeira planta temos outra aula de infantil, as aulas de primaria, inglés, música, P.T., informática e aseos.

A principal diferenza deste centro, por tanto, é a agrupación dos niveis 1º-2º e 3º-4º nunha mesma aula. Isto fai que sexa un centro no que tanto alumnado coma profesorado desenvolvan as súas tarefas dunha forma distinta ao habitual sen que esta diferenza sexa nin mellor nin peor que a educación transmitida noutros centros convencionais.

Finalmente engadimos que o noso centro forma parte da Rede de Centros Plurilingües e que contamos coa aportación dunha auxiliar de conversa de nacionalidade filipina dende outubro ata maio (ambos incluídos).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A televisión. Parte I		20	10	X		
2	A televisión. Parte II		40	15		X	
3	A televisión. Parte III		40	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A televisión. Parte I	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valora os recursos e os materiais necesarios.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realiza de xeito guiado a secuencia das actuacións necesarias.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prevé as incidencias que se poidan producir nas actuacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A televisión. Parte II	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións asociadas coa secuencia.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos e os materiais previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve, dentro do seu nivel de autonomía, as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A televisión. Parte III	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o proxecto realizado.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección para enxalzar a expresividade do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal para enxalzar a expresividade do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos plásticos como apoio na presentación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "A televisión".

As actividades propostas ao longo do curso estarán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN explícase a finalidade do proxecto: descubrir o mundo da televisión.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN terán que pescudar sobre a televisión a través da internet, xornais, revistas, libros e outros materiais libres.

Nesta etapa, recollerán todo o material atopado para facer diferentes traballos relacionados ca televisión.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos, coa axuda do mestre, os traballos realizados sobre o mundo da televisión.

Neste proxecto traballarase todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (momentos históricos, antropoloxía...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura...)
- Educación Plástica e Visual (deseño dos traballos do proxecto)

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador con diferentes aplicacións e programas de software libre
Altofalantes
Estoxos, bolígrafos, lapis, ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamentos e tesoiras
Outros recursos de aula: manuais, dicionarios, folios, cartolinas,, mapas, CDs, DVDs, atril, etc.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizaranse preguntas orais para obter información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	40	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Para obter as cualificacións trimestrais sumaremos as porcentaxes obtidas en probas orais e escritas (30%) ; elaboración das tarefas encomendadas (30%); presentación e organización dos traballos (10%); actitude, autonomía, interese, esforzo, respecto e participación (30%).

A nota final (avaliación ordinaria) calcularase facendo a media aritmética da 1ª, 2ª e 3ª avaliación do curso académico.

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución dos criterios de avaliación de cada unidade didáctica podería recuperalos de cara á avaliación final.

En todo caso, alumnado e familias serían informados do procedemento a seguir para acadar os mínimos de consecución dos criterios de avaliación que non foran superados.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Son medidas ordinarias todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Son medidas extraordinarias todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Estas medidas extraordinarias poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario ou cambios no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Neste grupo de Primaria as medidas ordinarias de atención á diversidade son as seguintes:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras medidas que promoven a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación

En relación ás medidas extraordinarias consideramos que a comunicación coa tutoría nos facilita o desenvolvemento das tarefas co alumnado que precise destas medidas e ante as posibles dificultades que poidan xurdir solicitaremos o

asesoramento, tanto do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe como da persoa responsable do Equipo de Orientación do centro.

Consideramos que unha grande parte do avance ou da superación das dificultades ás que se enfrenta o alumnado con necesidades específicas se debe a unha boa comunicación e coordinación entre o profesorado titor e o profesorado especialista.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Relacionaremos toda a información posible que poida aparecer nas unidades didácticas co proxecto bianual do centro sobre "A Volta ao Mundo".	Traballaremos coordinadamente coa titoría deste curso para realizar tarefas relacionadas co proxecto do centro sobre "A volta ao mundo" e aportar información ao mesmo.	X	X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico



Usáronse distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Relaciono contidos e actividades cos coñecementos previos
Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes
Lévase rexistro da observación sistemática
Medidas de atención á diversidade
Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado e, en función del, adapto o proceso de ensino-aprendizaxe
Clima de traballo na aula
Manteño o interese do alumnado
Cando a motivación decae propoño actividades divertidas e curiosas
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Tense en conta a existencia de probas doutras materias para colocar a da propia
Aportouse información ao persoal docente titor
Dou información dos progresos e das dificultades atopadas

**Descrición:**

A relación de ítems do apartado anterior será avaliada ao final de curso e asignaremos un número enteiro entre o 1 e o 4 para cada ítem coas seguintes equivalencias:

- 1: Poucas veces
- 2: Frecuentemente
- 3: Case sempre
- 4: Sempre

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O seguimento farase no caderno do profesor e reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

**9. Outros apartados**